



CONVENIO DE COLABORACIÓN DE COLABORACIÓN ENTRE GALICIA CALIDADE, S.A.U., A ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE EFICIENCIA E SOSTENIBILIDADE ENERXÉTICA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Presidenta do Consello de Administración de Galicia Calidade, S.A.U., Sol María Vázquez Abeal,, DECLARA:

Que Galicia Calidade, S.A.U., formaliza ca Asociación Clúster da Xeotermia Galega e a Fundación Centro Tecnolóxico de Eficencia e Sostenibilidade Enerxética o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue de 19/10/2018 a 19/10/2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxectivo deste convenio é a colaboración entre Galicia Calidade, S.A.U, con EnergyLab e Acluxega, para impulsar a adhesión á marca de garantía “Galicia Calidade” das instalacións de climatización con enerxía xeotérmica realizadas polas empresas de xeotermia de Galicia que cumpran cos requisitos establecidos na Marca Colectiva “Calidade Acluxega”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- A sociedade pública mercantil Galicia Calidade, S.A.U., está interesada en favorecer o amparo, a través da súa marca, aos produtos e servizos (instalacións de climatización con enerxía xeotérmica de moi baixa temperatura en circuíto pechado) que prestan as empresas do sector da xeotermia en Galicia.

Segundo.- EnergyLab, segundo figura nos estatutos, ten entre os seus obxectivos sensibilizar e crear conciencia social; impulsar novos produtos e servizos con solucións adaptadas ás necesidades dos distintos segmentos do mercado e definir índices de eficiencia enerxética e sostenibilidade por segmentos e áreas xeográficas. Polo tanto, a promoción da calidade dunha tecnoloxía eficiente entra dentro dos seus obxectivos.

Terceiro.- Acluxega, segundo figura nos estatutos, ten entre os seus obxectivos promover e contribuír á competitividade do sector da xeotermia, para o cal promociona a calidade das instalacións de xeotermia que realizan as empresas adheridas ao clúster, a través da marca colectiva “Calidade Acluxega”. Por tal motivo, está interesada en fomentar e asesorar aos seus asociados e aos titulares das empresas instaladoras de Galicia, respecto ao amparo dos seus produtos e servizos baixo a marca de garantía “Galicia Calidade”.

Cuarta.- Que o 20 de abril de 2018 asinou un Protocolo de Colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, Energylab e Acluxega, en aras a impulsar o sector da xeotermia.

En cumprimento dos compromisos asumidos no citado protocolo, tódalas partes están interesadas en subscribir o presente convenio.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 15 de outubro de 2018.

Asinado mediante sinatura electrónica

A Presidenta do Consello de Administración de Galicia Calidade, S.A.U.:

Sol María Vázquez Abeal.

